



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- Bueno, voulle botar outro conto.
- Cóntalle o do, dos meus patronciños.
- Voulle conta-lo conto deses dous vellos que tiñan o pote, o pote das papas que lle marchou o becerro con ele pá corte.

Nunha ocasión foron á feira da Estrada, foron á feira da Estrada os dous, e resulta que tiñan tres mil réas, que daquela eran moitísimos cartos, alá neses tempos de María Castaña hai moitos anos que pasou, que xa eu teño moitos anos e eu era moi rapás. E resulta que, esto, tiñan os tres mil réas metidos nunha ciambreira alá no faiado. E non ghababan unha perra porque, tiñan aquilo moi aforradiño e moi tal, e resulta que tocaron, tocaron na Estrada con certo larpeiro que dixo que por tres mil réas que lles daba tres mil pesetas. Cousa que non vexo eu moito ao caso porque ninguén dá os pesos a seis pesetas. E resulta que os pobres homes pois, ou os pobres matrimonios, esto, dixerón:

- E tal pois, e se nos dan tres mil pesetas son moitos máis cartos.

E entonces o fulano era un timador destes que andaban por aí timando a Xan e a Pedro e resulta que déronlle un estuche moi bonito e eles viñeron co estuche:

- Mirade, aquí xa vos van mitá dos cartos, dentro do estuche, e mañán ides a Matamulleres e levámosvolos resto.

Dixo:

- Bueno, moi ben.

Os probes vellos viñeron pá casa máis contentos ca pouco e resulta que andaba o vello na eira:

- Ei carajo! Nos habemos comer polo e os veciños han comer merda! Ahora temos cartos!

E resulta que marcharon pra Matamulleres e tiveron deitados alá á sombra no monte esperando que viñera o fulano. Pero o fulano non veu aínda hoxe. E resulta que abriron o estuche e qué tiña? Papeles de periódico!

E despois tíñano na casa, o home desta muller que está aquí e díxolle:

- Pero vós qué fixestes?
- Vannos dar moitos cartos.
- Van, van, a velo estuche?

E o estuche tiña periódicos dentro.

Dixo:

- Bueno, fixéstela boa.

Despois o vello a pouco máis morre co disghusto. Porque os tres mil réas non apareceron máis.



- Púxose mal da cabeza. (...) Co disghusto púxose mal da cabeza co disghusto.
- Puxo, puxo.

E o meu home, que foi o primeiro, tuvo debaixo da cama escoitando, e decíalle o, o velliño, decíalle:

- Carne, aghora habemos comer ben trigho, habemos comer ben trigho, e habemos comer polo. E os veciños non comen nada e nós comemos, habemos comer polo e uvas doces.
- Taba escoitando o Manueliño, non foi?
- Sí, sí, sí.

Taba escoitando debaixo da cama, debaixo da cama como falaban os vellos porque taba dando aqueles berros (...) e resulta que o estuche tiña pariódicos e taba pechado, e non tiña nada máis ca pariódicos.

- Namais, namais

E despois o vello púxose mal da cabeciña e un disghusto porque aforraran toda a súa vida, facía uns queixiños a probiña vella, e, e co medo que, pa que....

- Bo é que os queixos eran limpos, levaban algúns pelos pero...

Pa que meu marido non lle fora a eles, pa que meu marido non lle fora a eles e esto:

- Ai, Dios mío! E non me viñeron os paxaros comer o queixiño á ventana? E viñeron os paxaros picalo! Ai malo raio chos partira! Vaite paxaros do demo! Quen era? Era Manuel cun tenedore, escaláballe o queixo e comíao.

(...)

- Cousa boa non ma daban.

Escalábaos co tenedore coma quen que foran os paxaros que llo picaran.